

ASUNTO PLE/2024/00009884V

**ACTA NÚM. 4 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE
TIVO LUGAR O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2024.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **29 de febreiro de 2024**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Miriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereza Fraiz
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten as concelleiras Dona María Rozas Pérez e Dona María Baleato González.

ORDE DO DÍA:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00009884V.

Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás seguintes sesións:
Extraordinaria do 20 de xaneiro de 2024.
Ordinaria do 29 de xaneiro de 2024.
Extraordinaria do 7 de febreiro de 2024.

2. Declaración institucional sobre o Día Mundial das Enfermidades Raras.

3. Declaración institucional con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

4. ALCALDÍA. Referencia: 2024/00007951Q.

Aprobación, se procede, do adiamento ao 20 de marzo de 2024 da sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente a ese mes.

5. ALCALDÍA. Referencia: 2024/00007942F.

Concesión de honras, títulos e distincións do Concello de Santiago de Compostela.

6. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2023/00043180J.

Aprobación definitiva do Estudo de detalle da zona de edificación universitaria ZEU-25 -Ciencias da Saúde- do Plan especial de ordenación do Campus universitario (PE-8).

7. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00022200J.

Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas.

8. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00008496D.

Compromiso de crédito para as anualidades 2025, 2026 e 2027, como achega finalista ao Auditorio de Galicia, para financiar o Festival Internacional de Cinema "Cineuropa".

9. XESTIÓN TRIBUTARIA. Referencia: 2021/00017114Z.

Concesión da bonificación do 95% no IBI prevista para inmoables das corporacións de dereito público nos que se desenvolvan actividades declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

10. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2023/00045840M.

Designación de representantes veciñais no Consello de Medio Rural.

11. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para ampliar o solo industrial de Santiago e priorizar o asentamento de industrias que xeren emprego e aporten tecnoloxía.

12. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a adecentación e atención á veciñanza na contorna da rúa Manuel Beiras.

13. TESOURERÍA. Referencia: 2023/00008698D.

Tomar coñecemento da elevación a aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

14. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00009884V.

Tomar coñecemento do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao ano 2023.

15. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2024/00009884V.**

Tomar coñecemento de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

16. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

1. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á mellora da iluminación e da pavimentación da rúa Rial de Conxo.
2. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á mellora dos accesos do parque Alexandre Bóveda e Fermín Bouza Brey en Vite e da limpeza e mellora da fonte.
3. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á colocación dunha placa homenaxe na casa natal das Marías.

Preguntas orais:

1. Formulada polo PP sobre as obras da Pastoriza.
2. Formula polo PP sobre climatización dos centros socioculturais.
3. Formulada polo PP en relación ás zonas de baixas emisións.
4. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa ao I Plan de igualdade.
5. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa ao estado da ordenanza de usos das vivendas de uso turístico.
6. Formulada polo PSdeG-PSOE rsobre a recepción da área recreativa do SUNP-25.

17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PP para a revisión, arranxo e mellora dos parquímetros da ORA que están a provocar inxustas sancións.
2. Presentada polo PP para o estudo do incremento de prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida e para un maior control das mesmas.
3. Presentada polo PP para realizar melloras na parroquia de Lavacolla.
4. Presentada polo PP para que os membros dos corpos da Policía Nacional e da Garda Civil que prestan os seus servizos en Santiago de Compostela poidan acceder gratuitamente ás instalacións deportivas do concello ao igual que a policía local e os bombeiros.
5. Presentada polo PSdeG-PSOE para a correcta utilización dos mecanismos de comunicación institucional.
6. Presentada polo PSdeG-PSOE para o impulso e a promoción do aeroporto internacional de Santiago-Rosalía de Castro.
7. Presentada polo PSdeG-PSOE para a elaboración do Plan estratéxico de recursos humanos do concello 2025-2035.

Faise constar que foi retirada antes da celebración da sesión a proposición presentada polo grupo municipal do PP que figuraba na convocatoria da presente sesión como punto número 12.

Cumpriméntase así:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2024/00009884V.**

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS

SEGUINTESE SESIÓNS:
EXTRAORDINARIA DO 20 DE XANEIRO DE 2024.
ORDINARIA DO 29 DE XANEIRO DE 2024.
EXTRAORDINARIA DO 7 DE FEBREIRO DE 2024.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as asistentes aproba as actas correspondentes as sesións extraordinaria do 20 de xaneiro, ordinaria do 20 de xaneiro e extraordinaria do 7 de febreiro, todas elas do presente ano 2024.

2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS.

En Europa, as enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Máis da metade das familias con enfermidades raras esperan máis de 6 anos para lograr un diagnóstico e tan só 6% teñen tratamento.

Calcúlase que 300 millóns de persoas en todo o mundo, 3 deles en España, e 200.000 en Galicia padecen estas enfermidades.

O 29 de febreiro, un día único no noso calendario, conmemórase o Día Mundial das Enfermidades Raras, evento que se repite cada ano o último día do mes de febreiro para impulsar unha mobilización mundial que permita posicionar a realidade destas patoloxías na axenda pública. Unha acción liderada no noso país polo movemento asociativo baixo o paraugas da Federación Española de EERR, FEDER.

Este ano, como vén sendo habitual, a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, Fegerec, únese a FEDER co chamamento máis vale máis previr que curar.

De acordo coa OMS, a prevención non soamente é «previr a aparición da enfermidade, senón tamén deter o seu avance e atenuar as súas consecuencias unha vez establecida».

O tecido asociativo ten moi claro que para favorecer a prevención de enfermidades raras e as súas consecuencias é necesario:

1. Impulsar a investigación, favorecendo que se comparta e difunda o coñecemento xerado entre a comunidade investigadora e profesional e que se incremente o financiamento público en I+D+i.
2. Implementar medidas que garantan o acceso en equidade a probas de diagnóstico, á atención integral necesaria e aos medicamentos, independentemente da CCAA onde un resida.
3. Recoñecer en España a especialidade de xenética clínica.
4. Colaborar, apoiar e poñer en valor as accións do tecido asociativo tanto no ámbito asistencial, como o de xerador de coñecemento e investigación.
5. Implementar as estratexias autonómicas en liña coa Estratexia Nacional de EERR
Desde a Federación Española e Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas instan a todas as administracións e institucións competentes a impulsar e asumir as correspondentes competencias en materia de investigación, diagnóstico, tratamento e coñecemento que garantan a prevención destas enfermidades en tempo

e forma adecuado e por suposto en condicións de equidade.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as asistentes, aprobou a declaración institucional transcrita que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais.

3. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Como cada ano, este 8 de marzo conmemoramos o Día Internacional das Mulleres lembrando que continúa sendo necesario traballar na defensa dos dereitos das mulleres para seguir avanzando na igualdade como sociedade. Neste 8 de marzo reivindicamos a loita feminista e denunciemos que a desigualdade entre homes e mulleres é un problema estrutural que debemos combater con todos os recursos e todas as nosas forzas.

Ao longo dos anos, foron moitas as conquistas, impulsadas desde o movemento feminista, que nos levan á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria para todas as persoas, pois o avance dos dereitos das mulleres é o avance do conxunto da poboación. En Galicia e en Santiago de Compostela, sentimos o orgullo de contar cun movemento feminista forte, que liderou nos últimos anos mobilizacións históricas nas nosas rúas: na defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, facéndolle fronte á violencia de xénero, ou centrándose nas condicións de traballo das mulleres, en particular abordando a precarización de profesións feminizadas.

O movemento feminista galego leva décadas reivindicando dereitos e acompañando procesos lexislativos coa vista posta en mellorar a situación das mulleres en todo o noso país, demostrando que unha das súas grandes fortalezas é a capacidade de traballar de forma coordinada, en rede, entre os distintos colectivos e asociacións nas que se organizan as mulleres galegas e desde as que constrúen o activismo feminista que move este país.

É fundamental que as administracións desenvolvan o seu traballo a prol da igualdade cunha perspectiva integral e integradora, que dea impulso ás redes de colaboración entre mulleres e o conxunto do movemento feminista. Nesa mesma liña, é importante que exista un maior grao de colaboración entre institucións, para sumar esforzos e garantir que se traballa cunha perspectiva transversal e coordinada entre as administracións que traballamos a prol da igualdade.

Nese sentido, o Concello de Santiago vén de desenvolver, nos últimos meses, iniciativas que precisamente parten da coordinación interinstitucional en materia de igualdade, en particular no referido á loita contra a violencia machistas. Así, o pasado mes de novembro entraba en vigor o Protocolo para a abordaxe das violencias sexuais e LGBTfóbicas no ocio nocturno no noso concello, involucrando representantes municipais, das forzas e corpos de seguridade, da xustiza, do ámbito dos colexios profesionais ou representantes do movemento feminista e dos colectivos LGBT. En xaneiro, reactivamos a Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Neste 8 de marzo de 2024 somos conscientes de que fica moitísimo traballo por facer no camiño cara á igualdade, mais que imos na boa dirección se centramos os nosos esforzos en construír feminismo e políticas de igualdade desde a base, centrándonos na educación, na identificación das desigualdades e discriminacións para poder actuar

na súa prevención, na colaboración entre as administracións públicas e o movemento feminista para chegar a todos os lugares e a todas as persoas e transformar a realidade en que vivimos construíndo un concello e unha sociedade, feministas e igualitarias.

Por todo o exposto, a Corporación municipal do Concello de Santiago manifesta o seu compromiso coa igualdade e coa erradicación de todas as formas de discriminación cara ás mulleres e, por iso, acorda:

1. Apoiar as mobilizacións convocadas polo movemento feminista neste 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.
2. Poñer a infraestrutura municipal a disposición das organizacións de mulleres para favorecer a súa autoorganización e traballo, facilitando espazos de encontro e recursos.
3. Fortalecer os servizos municipais de igualdade, nomeadamente a Casa Xohana Torres, como un equipamento municipal fundamental para a relación directa entre a administración e o movemento feminista, así como para traballar na prevención de calquera forma de violencia contra as mulleres e de discriminación.
4. Establecer o compromiso de dedicarmos un mínimo do 1% do orzamento municipal en políticas de igualdade e da prevención da violencia de xénero.
5. Dotar o CIM do persoal suficiente para garantir que a atención ás mulleres en xeral e, especialmente, ás vítimas de violencia de xénero, conta cos recursos humanos necesarios.
6. Elaborar neste ano 2024 o Plan de Igualdade.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as asistentes, aprobou a declaración institucional transcrita que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais.

4. ALCALDÍA. Referencia: **2024/00007951Q.**

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ADIANTO AO 20 DE MARZO DE 2024 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CORRESPONDENTE A ESE MES.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, na sesión do 24 de xuño de 2023, acordou que as súas sesións ordinarias terían lugar o derradeiro xoves de cada mes, ás 10:00 horas e, se o xoves fose festivo, a sesión celebraríase á mesma hora dous días antes ou dous despois, previa consulta á Xunta de Portavoces.

CONSIDERACIÓNS

A sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de marzo de 2024 tería lugar o día 28 dese mes, mais ese día é festivo (Xoves Santo).

Na Xunta de Portavoces consultóuselle aos portavoces dos grupos municipais a posibilidade de adiantar a sesión plenaria ao día 20 de marzo, expresando todos eles a súa conformidade.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Adiantar ao día 20 de marzo de 2024 a data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente ao mes de marzo. A sesión comezará ás 10:00 horas.”

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as asistentes, acorda:

Adiantar ao día 20 de marzo de 2024 a data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente ao mes de marzo. A sesión comezará ás 10:00 horas.

5. ALCALDÍA. Referencia: 2024/00007942F.

CONCESIÓN DE HONRAS, TÍTULOS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Por decreto da Alcaldía nº 2024/1069, do 25 de xaneiro, iniciouse o procedemento para outorgar títulos, honras e condecoracións a diversas persoas para as que fora solicitado por cidadáns, entidades ou polos grupos políticos municipais.

2. O Consello Asesor de Condecoracións, na súa sesión do 31 de xaneiro de 2024, informou favorablemente a concesións das honras, títulos e distincións que se indican ás persoas que se relacionan de seguido:

a) Medalla de ouro de Santiago de Compostela:

- Don Luís Pasín Noya.
- Dona Tareixa Navaza González.

b) Fillo/a predilecto/a:

- Dona Aurora (*Aurichu*) Pereira Carballo.
- Don Ezequiel Méndez Vidal.

c) Fillos adoptivos:

- Don José Porto Buceta.

d) Denominación dunha rúa e colocación de placa:

- Don Luis Rial Suárez.

3. O Consello Asesor de Condecoracións, na súa sesión do 31 de marzo de 2022, acordou que se trasladase ao Pleno, entre outras, a proposta para a denominación un espazo público e a concesión do título de Fillo adoptivo a don Manuel Quintáns Suárez. Porén, unicamente se elevou ao Pleno da Corporación a proposta para a

denominación dunha rúa, quedando pendente a decisión sobre o nomeamento como Fillo adoptivo do proposto.

4. O secretario xeral do Pleno emitiu informe, ao abeiro do establecido no art. 122.5 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o 15 de febreiro de 2024.

CONSIDERACIÓNS

1. O artigo 5 do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela regula o outorgamento dos títulos de Fillo ou filla predilectos e adoptivos, dispoñendo que se outorgarán ás persoas *“que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio da cidade”*, nadas no Concello de Santiago de Compostela ou cuxa vida transcorrese maioritariamente no municipio, no caso dos Fillos predilectos, ou que sen naceren no municipio manteñan vínculos persoais con el, no caso dos Fillos adoptivos.

2. O nomeamento de rúas contéplase no artigo 9 do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela, que dispón: *“correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal dos seus membros e logo do ditame do Consello Asesor de Condecoracións, outorgar a vías municipais ou establecementos, centros ou instalacións do Concello de Santiago de Compostela o nome de persoas físicas, organismos, institucións e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor da cidade no caso de organismos, institucións ou entidades, ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural, artístico, deportivo, social etc, no caso de persoas físicas”*.

3. O apartado 8 do artigo 10 do Regulamento de títulos, honras e condecoracións sinala que a proposta, logo do informe do Consello Asesor, elevarase ao Alcalde, quen a someterá a aprobación do Pleno.

A proposta require para a súa aprobación do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

Primeiro. Outorgar a Medalla de ouro de Santiago de Compostela a dona Tareixa Navaza González e a don Luís Pasín Liñares.

Segundo. Nomear Filla predilecta de Santiago de Compostela a título póstumo a dona Aurora (*Aurichu*) Pereira Carballo.

Terceiro. Nomear Fillo predilecto de Santiago de Compostela a don Ezequiel Méndez Vidal.

Cuarto. Nomear Fillo adoptivo de Santiago de Compostela a don José Porto Buceta.

Quinto. Nomear Fillo adoptivo de Santiago de Compostela a título póstumo a don Manuel Quintáns Suárez.

Sexto. Denominar unha rúa co nome “Luis Rial Suárez” e instalar unha placa de recordo nun espazo público.”

Antes da votación da proposta dáse conta pola Secretaría da existencia dun erro no nome de don Luís Pasín, pois debe figurar como segundo apelido “Liñares e non “Noya”.

Á vista da proposta transcrita e tras a corrección sinalada pola Secretaría e máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22 de febreiro, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro. Outorgar a Medalla de ouro de Santiago de Compostela a dona Tareixa Navaza González e a don Luís Pasín Liñares.

Segundo. Nomear Filla predilecta de Santiago de Compostela a título póstumo a dona Aurora (*Aurichu*) Pereira Carballo.

Terceiro. Nomear Fillo predilecto de Santiago de Compostela a don Ezequiel Méndez Vidal.

Cuarto. Nomear Fillo adoptivo de Santiago de Compostela a don José Porto Buceta.

Quinto. Nomear Fillo adoptivo de Santiago de Compostela a título póstumo a don Manuel Quintáns Suárez.

Sexto. Denominar unha rúa co nome “Luis Rial Suárez” e instalar unha placa de recordo nun espazo público.

6. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: **2023/00043180J.**
APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA ZONA DE EDIFICACIÓN UNIVERSITARIA ZEU-25 -CIENCIAS DA SAÚDE- DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO (PE-8).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Estudo de detalle fórmulase por iniciativa particular da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en desenvolvemento das determinacións que establece o Plan especial do Campus Universitario (PE-8) no ámbito da zona de edificación universitaria ZEU-25 (Ciencias da Saúde).

O ámbito sitúase na beira norte da avenida Mestre Mateo, e atópase integrado pola parcela catastral 5970609NH3457B0001XP, e parte da 5970601NH3457B0001LP.

1. Planeamento vixente

O *Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)*, a través da disposición transitoria 9ª, remite a ordenación detallada do ámbito ao *Plan especial de ordenación do Campus*

Universitario (PE-8) aprobado o 30.03.1993, pero obriga a redactar un documento de Revisión e Adaptación ao Plan xeral.

Con data 1.10.2010 o Pleno municipal aprobou definitivamente a Revisión e adaptación do PE-8, que establece os criterios de ordenación da ZEU-25 no apartado 4 do epígrafe 6.2.1.2 (*Condicións particulares*). Nese apartado o plan sinala a obrigatoriedade de aprobar un “Estudo de detalle de reordenación volumétrica, que garanta a adecuación das previsións da nova edificación contemplada no ámbito do Campus Sur no conxunto”.

A ordenación prevista no plan especial delimita dúas parcelas (leste e oeste), e sinala as respectivas áreas de movemento da edificación e as alturas máximas permitidas. Para o conxunto das dúas parcelas fíxase unha superficie construída máxima de 12.100 m². Establece tamén a obriga de executar -en superficie e baixo rasante- unha dotación mínima de 350 prazas de aparcadoiro.

2. Contido do estudo de detalle

O estudo de detalle presentado reordena os volumes edificables previstos no plan especial, de conformidade co esixido no dito plan e ao abeiro do disposto nos artigos 79.1.b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 192.1.b do seu Regulamento.

O estudo de detalle concentra a totalidade do volume edificable permitido na parcela A (oeste) -cunha altura máxima de B+4- coa finalidade de reducir a ocupación do solo e conformar un espazo libre en continuidade coas zonas verdes ZV-8 e ZV-10, previstas polo plan especial en contacto coa avenida de Mestre Mateo.

A reordenación proxectada mantén a superficie edificable máxima de 12.100 m²c, e reduce considerablemente a ocupación do solo, resultando 3.080 m², fronte aos 7.940 previstos no plan especial.

No que atinxe á altura máxima da edificación, o plan especial sinala unha altura xeral de B+3 na parcela oeste, pero permite executar “volumes illados” de ata B+8. A proposta do estudo de detalle é de B+4 para o novo volume previsto, pero este ocupa unha superficie bastante máis reducida que a prevista no plan especial, polo que se considera admisible no marco da reordenación dos volumes edificables.

Respecto da dotación de aparcadoiro, sitúanse 40 prazas no soto da edificación, e o resto (310) en superficie e/ou baixo rasante do espazo libre de edificación da parcela A (oeste).

3. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado no artigo 194.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, o estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 18.12.2023 e expúxose ao público durante o prazo dun mes, mediante anuncios publicados o 2.01.2024 no Diario Oficial de Galicia e nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*.

Simultaneamente practicouse notificación persoal ás persoas propietarias dos terreos afectados, segundo figuran no Catastro.

Durante o trámite de participación pública non se formularon alegacións.

No expediente consta o informe favorable do arquitecto xefe do Servizo Municipal de Planeamento, así como a resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio cultural.

CONSIDERACIÓNS

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno municipal, por maioría simple, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno municipal, previo ditame que deberá emitir á Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, que adopte o seguinte acordo:

Aprobar definitivamente, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado, o Estudo de detalle da zona de edificación universitaria ZEU-25 (Ciencias da Saúde) do Plan especial de ordenación do Campus universitario (PE-8), presentado con data 19 de febreiro de 2024, formulado pola Universidade de Santiago de Compostela e asinado polo arquitecto Pedro Diéguez Iglesias.

O ámbito sitúase na beira norte da avenida Mestre Mateo, e atópase integrado pola parcela catastral 5970609NH3457B0001XP, e parte da 5970601NH3457B0001LP.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación do plan parcial no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista da proposta transcrita que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos na súa sesión ordinaria do pasado día 26, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/das concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Aprobar definitivamente, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado, o Estudo de detalle da zona de edificación universitaria ZEU-25 (Ciencias da Saúde) do Plan especial de ordenación do Campus universitario (PE-8), presentado con data 19 de febreiro de 2024, formulado pola Universidade de Santiago de Compostela e asinado polo arquitecto Pedro Diéguez Iglesias.

O ámbito sitúase na beira norte da avenida Mestre Mateo, e atópase integrado pola parcela catastral 5970609NH3457B0001XP, e parte da 5970601NH3457B0001LP.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación

esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación do plan parcial no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

7. PLANEAMENTO. Referencia: **2022/00022200J.**

**APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A
FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS NO NÚCLEO DE CODESEDAS.**

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 21 de febreiro de 2024 e en relación coa Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas, emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario xeral do Pleno:

“O proxecto de Modificación -elaborado por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A. a iniciativa dun particular-, ten por obxecto sinalar nos planos de ordenación do PXOM as aliñacións dun camiño público existente no núcleo de Codesedas (rúa do Vencello)

1. Planeamento vixente

O PXOM vixente clasifica o ámbito como solo de núcleo rural (ordenanza 14), e sinala aliñacións en todo o tramo da rúa do Vencello que discorre máis ao norte.

No tramo da mesma rúa que discorre ao leste do equipamento RE-13.1 (centro sociocultural de Figueiras) o Plan xeral non sinala aliñacións.

2. Xustificación do interese público da Modificación

Tanto a formulación do plan xeral como a súa modificación atópanse legalmente excluídas da iniciativa particular (artigos 103.2 e 160 do Regulamento da lei do solo de Galicia, RLSG), se ben o Concello pode impulsar a tramitación de oficio das propostas de planeamento que se presenten polas persoas interesadas se así o estima xustificado por motivos de interese público.

No informe da arquitecta municipal de Planeamento considérase de interese xeral incorporar á rede viaria do planeamento o camiño existente, que constitúe o único acceso rodado ao equipamento municipal existente na zona (RE-13.1).

O camiño existente figura tanto no Catastro como nos planos de concentración parcelaria da zona (Figueiras), e constitúe a única vía de acceso rodado público a varias edificacións existentes. Posto que a lexislación do solo de Galicia aconsella manter a trama urbana e o rueiro existente nos núcleos rurais (artigos 104.2 e 40.1 do RLSG) estímase xustificado manter o viario que proporciona acceso ás edificacións xa consolidadas.

O Plan xeral de ordenación municipal debe establecer a ordenación detallada do solo clasificado como núcleo rural, sinalando o trazado da rede viaria pública e das aliñacións resultantes (artigo 55.1.c da Lei 2/2016 do solo de Galicia -LSG-, e 122.c do seu Regulamento).

3. Contido e alcance da Modificación proposta

A Modificación non altera a clasificación do solo afectado (núcleo rural) nin a ordenanza aplicable (ordenanza 14), limitándose a reflectir nos planos de ordenación (folla F23) o trazado do camiño existente (rúa do Vencello), e das aliñacións resultantes.

A nova aliñación respecta o recuamento mínimo de 4 metros ao eixo previsto na lexislación do solo de Galicia (artigos 92 da LSG e 217 do Regulamento), ampliándose nalgúns puntos ata acadar a sección total de 10 metros.

O proxecto reúne o contido mínimo axeitado á súa finalidade, incluíndo a memoria informativa e xustificativa, o estudo da paisaxe, e os planos de ordenación detallada. Non procede modificar o Estudo económico, xa que o solo destinado a regularizar o viario existente deberá obterse por cesión gratuíta cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír as existentes, ampliar o seu volume ou rehabilitalas integralmente (artigo 24.2 da LSG)

4. Informe ambiental estratéxico

Consonte ao previsto no artigo 46.2.a) da LSG, as modificacións puntuais do plan xeral de ordenación municipal serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Por Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático - publicada no DOG do 27 de xuño de 2023- formulouse o preceptivo Informe ambiental estratéxico (IAE).

No trámite de consultas obtivéronse os informes da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e do Instituto de Estudos do Territorio. Por este último obsérvase a necesidade de realizar un estudo da paisaxe, o cal xa consta incorporado ao documento que se somete a aprobación inicial.

CONSIDERACIÓNS

1ª. A modificación, en canto afecta á ordenación detallada establecida no PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 144 do seu Regulamento de desenvolvemento.

2ª. O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación inicial é o Pleno municipal, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

3ª. O proxecto consta redactado por un arquitecto coa titulación universitaria requirida no artigo 85.1 do RLSG, e o seu contido axústase ás determinacións aplicables da lexislación do solo de Galicia e ás Normas técnicas de planeamento, segundo indica o informe da arquitecta municipal.

4ª. O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do informe emitido, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio rural e Servizos, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas, segundo o proxecto presentado o 10 de xaneiro de 2024, elaborado por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resúmen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente da Consellería en materia de urbanismo, a fin de que outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará informes aos órganos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións, aviación civil e defensa, e dará traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os informes que estime necesarios.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento das licenzas de parcelación, edificación e demolición que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite.

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.”

CONSIDERACIÓNS

No informe-proposta anteriormente transcrito propónse ao Pleno Municipal que adopte o acordo de aprobación inicial do proxecto.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio rural e Servizos, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas, segundo o proxecto presentado o 10 de xaneiro de 2024, elaborado por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente da Consellería en materia de urbanismo, a fin de que outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará informes aos órganos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións, aviación civil e defensa, e dará traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os informes que estime necesarios.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento das licenzas de parcelación, edificación e demolición que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite.

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.”

Á vista da proposta transcrita que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos na súa sesión ordinaria do pasado día 26, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/das concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas, segundo o proxecto presentado o 10 de xaneiro de 2024, elaborado por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente da Consellería en materia de urbanismo, a fin de que outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará informes aos órganos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións, aviación civil e defensa, e dará traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os informes que estime necesarios.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento das licenzas de parcelación, edificación e demolición que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite.

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.

8. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2024/00008496D.**

COMPROMISO DE CRÉDITO PARA AS ANUALIDADES 2025, 2026 E 2027, COMO ACHEGA FINALISTA AO AUDITORIO DE GALICIA, PARA FINANCIAR O FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA “CINEUROPA”.

A proposta é do seguinte teor literal:

“De acordo coas antecedentes e fundamentos legais e técnicos expresados no informe-proposta do Director-xerente do Auditorio de Galicia, que conta coa conformidade da Intervención municipal.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 7 dos Estatutos do Auditorio de Galicia e apelando á facultade de tutela do Concello de Santiago de Santiago de Compostela sobre o seu organismo autónomo; cos obxectivos de mellorar a eficacia, a eficiencia e a planificación estratéxica da contratación do servizo de dirección, produción e realización do Festival Internacional Cineuropa mediante unha contratación de carácter plurianual.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que adopte os seguintes ditames:

Comprometer o crédito de 140.000 € para as anualidades 2025, 2026 e 2027 coma achega finalista a maiores da achega regular para o Auditorio de Galicia para a realización do Festival Internacional de Cinema Cineuropa, sempre e cando a achega concedida anualmente polo Consorcio de Santiago de Compostela non se consolide nos anos citados.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22 de febreiro, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Comprometer o crédito de 140.000 € para as anualidades 2025, 2026 e 2027 coma achega finalista a maiores da achega regular para o Auditorio de Galicia para a realización do Festival Internacional de Cinema Cineuropa, sempre e cando a achega concedida anualmente polo Consorcio de Santiago de Compostela non se consolide nos anos citados.

9. XESTIÓN TRIBUTARIA. Referencia: **2021/00017114Z.**

CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 95% NO IBI PREVISTA PARA INMOBLES DAS CORPORACIÓNS DE DEREITO PÚBLICO NOS QUE SE DESENVOLVAN ACTIVIDADES DECLARADAS DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Visto o escrito presentado no rexistro de entrada do Concello de Santiago de Compostela o día 24/01/2020 por CAMARA OFICIAL DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con documento oficial de identificación ESQ1573004G no procedemento Beneficios fiscais.

A Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas na sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de febreiro de 2024 ditaminou favorablemente o asunto cos votos a favor dos grupos políticos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE e a abstención do grupo municipal do PP.

CONSIDERACIÓNS

Ao abeiro do disposto no Texto refundido da lei de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; na Ordenanza fiscal 1.01 do Concello de Santiago de Compostela e no artigo 14.4 da Ordenanza 00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público que establece que “No suposto de beneficios fiscais nos que é precisa a declaración de interese o utilidade do Pleno municipal, éste será o órgano que resolva o expediente.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Declarar a concurrencia de especial interese ou utilidade municipal das accións realizadas nos locais obxecto do informe pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela con referencias catastrais 0405241NH4500E0001PU 7067505NH3476G0004FE 7168911NH3476G0002YQ 7168911NH3476G0001TM.

SEGUNDO.- Conceder a CAMARA OFICIAL DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con NIF Q1573004G a bonificación do 95 % establecida na ordenanza do imposto sobre bens inmobles para os inmobles con referencias catastrais 0405241NH4500E0001PU 7067505NH3476G0004FE 7168911NH3476G0002YQ 7168911NH3476G0001TM, a partires de período impositivo 2021.

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a concurrencia de especial interese ou utilidade municipal das accións realizadas nos locais obxecto do informe pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela con referencias catastrais 0405241NH4500E0001PU 7067505NH3476G0004FE 7168911NH3476G0002YQ 7168911NH3476G0001TM.

SEGUNDO.- Conceder a CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con NIF Q1573004G a bonificación do 95 % establecida na ordenanza do imposto sobre bens inmobles para os inmobles con referencias catastrais 0405241NH4500E0001PU 7067505NH3476G0004FE 7168911NH3476G0002YQ 7168911NH3476G0001TM, a partires de período impositivo 2021.

10. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2023/00045840M.
DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES VECIÑAIS NO CONSELLO DE MEDIO RURAL.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Convocada a elección de representantes veciñais do Consello de Medio Rural coa aprobación do calendario electoral o pasado 20.11.2023 (Resolución núm. 2023/14463).
2. Seguindo o calendario electoral, o martes 23 de xaneiro de 2024 celebrouse a elección de representantes veciñais do Consello de Medio Rural.
3. Unha vez concluído o proceso electoral de eleccións de representantes veciñais do Consello de Medio Rural; e finalizado o prazo de reclamacións á lista provisional procedeuse á proclamación definitiva dos candidatos/as elixidos/as, de acordo co punto 7 da Disposición Adicional do Regulamento do Consello de Relacións Veciñais (BOP núm. 118, do 22.06.2023).
4. O artigo 21 do Regulamento de participación cidadá dispón: Os membros do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo pleno do concello [...]

CONSIDERACIÓNS

Regulamento do Consello de Medio Rural (BOP núm. 118, do 22.06.2023).

Regulamento para a elección de representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais (BOP núm. 191, do 21.08.2022).

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

A designación dos seis membros do Consello de Medio Rural por un mandato de catro anos.

Graciela Carro Asorey (AVV Francisco Garcia Beiro de Marrozos)
José Antonio Gallas Barcia (AVV Río Sarela da Peregrina)
José Antonio Montaos Liñares (AVV Campo das Escolas de Busto)
M^a Cruz Vázquez Veiga (AVV Pontesionlla de Enfesta)

Julio Luís Fernández Balado (AVV A Xunlla de Laraño)
Óscar Montero Colón (AVV Santa Mariña de Berdía).”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22 de febreiro, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

A designación dos seis membros do Consello de Medio Rural por un mandato de catro anos:

Graciela Carro Asorey (AVV Francisco Garcia Beiro de Marrozos)
José Antonio Gallas Barcia (AVV Río Sarela da Peregrina)
José Antonio Montaos Liñares (AVV Campo das Escolas de Busto)
M^a Cruz Vázquez Veiga (AVV Pontesionlla de Enfesta)
Julio Luís Fernández Balado (AVV A Xunlla de Laraño)
Óscar Montero Colón (AVV Santa Mariña de Berdía).

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA AMPLIAR O SOLO INDUSTRIAL DE SANTIAGO E PRIORIZAR O ASENTAMENTO DE INDUSTRIAS QUE XEREN EMPREGO E APORTEN TECNOLOXÍA.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte PROPOSICIÓN para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A promoción do sector industrial en Santiago debe ser un dos principais focos de atención das políticas públicas que se impulsan desde o Concello, en aras de avanzar cara unha diversificación económica que permita a expansión de industrias reducindo así a dependencia ao sector servizos.

Segundo os datos, a industria supón en Santiago unha aportación do 7% ao PIB da cidade. É certo que se trata dun peso, en termos comparativos respecto outros sectores, superior ao da comarca que se situaría no 5,63% segundo o Instituto Galego de Estatística -datos de 2020-. Porén, esta cifra segue a situarse lonxe do 20% que se marcaba desde Bruxelas como reto no Horizonte 2020.

Esta foi unha das liñas prioritarias durante os últimos catro anos, durante o goberno socialista, impulsando en 2020 unha bonificación de ata o 95% no imposto de bens inmobles (IBI), no imposto sobre actividades económicas (IAE) e no imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) para empresas que se instalaran na cidade xerando emprego indefinido e de calidade. Trátase de, a través da discriminación positiva, lograr o asentamento de industrias que xeren riqueza na nosa cidade.

Tamén é prioritaria a mellora das comunicacións e infraestruturas. Actualmente Santiago conta co aeroporto líder en Galicia en movemento de mercadorías, e as obras do enlace Orbital coa AP-9 están próximas á súa finalización. Tamén o Obritaliño

avanza na súa tramitación. Unha actuación que permitirá a conexión, con todos os movementos posibles, entre os polígonos industriais e comerciais do norte de Santiago: Tambre e Costa Vella coa N-550, a AP-9, A-54 e o propio aeroporto.

Precisamente, agora que xa está aprobado o trazado definitivo do Orbitaliño é o momento de darlle pulo á creación de máis solo industrial, xa que o seu trazado altera todas as conexións da zona norte. Coñecendo agora a súa afectación, é o momento de comezar a desenvolver este solo.

Concretamente hai proxectados tres polígonos na zona norte: o SUND-29, limitando co orbital do actual PXOM, e o 38 e 37.3 que están próximos a Finsa. No cómputo total estaríamos fronte 820.000 metros cadrados de solo industrial, 400.000, 250.000 e 170.000 respectivamente.

Desde o Grupo Municipal Socialista consideramos prioritario que se comece o desenvolvemento do SUND-29, conseguindo o compromiso do Instituto Galego de Vivenda e Solo para que sexa de tipo industrial, non comercial nin servizos. Ao tempo que, desde o propio Concello se reformulan os plans parciais do SUND-37.3 e SUND-38 para adecualos á nova realidade que debuxa o trazado do Orbitaliño.

É fundamental abordar a ampliación de solo industrial, toda vez que a expansión dos polígonos da zona norte nos últimos anos foi exponencial: concedéronse 87 licencias nos últimos catros anos para instalar novas industrias do polígono de A Sionlla, logo de dotalo de servizos de auga e saneamento. Isto, ademais, debe facerse priorizando o proxecto industrial e non o prezo. Por iso debera optarse por un modelo de concurso e non de subasta á hora de abordar a venda, aluguer ou concesión das parcelas: un concurso que permitise valorar o proxecto industrial, a creación de emprego e a aportación tecnolóxica.

Algo que se debera facerse xa nas parcelas que están dispoñibles na Sionlla e, desde logo, o modelo que debera seguir o IGVS nas futuras ampliacións do solo.

Santiago conta co potencial para erixirse como a capital da industria biotecnolóxica, da madeira e, en xeral, das novas tecnoloxías. Pero para acadar isto é importante que as empresas que decidan apostar por Santiago conten co respaldo das diferentes administracións, autonómica e local, á hora de instalar a súa actividade aquí.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo e XESTUR, a desenvolver o polígono SUND-29, planificando o solo, realizando as expropiacións necesarias e abordando a súa urbanización baixo o criterio obxectivo de captación de empresas priorizando, na súa venda, o proxecto industrial, a creación de emprego e a aportación tecnolóxica das industrias que busquen asentarse en Santiago.
2. Instar ao Goberno Local a reformular os plans parciais e redactar os novos proxectos de urbanización do SUND-37.3 e SUND-38 para adecualos á nova realidade unha vez aprobado definitivamente o trazado do Orbitaliño.
3. En aplicación da Modificación da Ordenanza Fiscal aprobada no 2020 para facilitar a implantación de empresas, que desde o Concello de Santiago se faciliten convenios

fiscais coas empresas que busquen instalarse en Santiago.

4. Reforzar o papel de Uninova poñendo en marcha un programa de captación de investimento, atracción e acompañamento de empresas.”

Á presente proposición presenta emenda en voz o grupo municipal do PP para substituír “a desenvolver o polígono do SUND-29” por “a seguir desenvolvendo o polígono SUND-29”, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo e XESTUR, a seguir desenvolvendo o polígono SUND-29, planificando o solo, realizando as expropiacións necesarias e abordando a súa urbanización baixo o criterio obxectivo de captación de empresas priorizando, na súa venda, o proxecto industrial, a creación de emprego e a aportación tecnolóxica das industrias que busquen asentarse en Santiago.

2. Instar ao Goberno Local a reformular os plans parciais e redactar os novos proxectos de urbanización do SUND-37.3 e SUND-38 para adecualos á nova realidade unha vez aprobado definitivamente o trazado do Orbitaliño.

3. En aplicación da Modificación da Ordenanza Fiscal aprobada no 2020 para facilitar a implantación de empresas, que desde o Concello de Santiago se faciliten convenios fiscais coas empresas que busquen instalarse en Santiago

4. Reforzar o papel de Uninova poñendo en marcha un programa de captación de investimento, atracción e acompañamento de empresas.

12. PROPOSICIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA Á ADECENTACIÓN E ATENCIÓN Á VECIÑANZA NA CONTORNA DA RÚA MANUEL BEIRAS.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios meses, a contorna da Rúa Manuel Beiras atópase con diversa problemática, e vén sufrindo un progresivo deterioro.

Esta situación está a provocar queixas da veciñanza con respecto á limpeza dunha parcela que non son atendidas polo Goberno Local, neste sentido presentaron unha queixa o 27 de xullo do 2023 que foi respondida do seguinte xeito: “As queixas ou suxestións se puxeron a disposición da cidadanía para que esta indique as deficiencias percibidas e/o as propostas de mellora sobre o funcionamento dos servizos ou materias de competencia municipal, non entendendo este escrito como unha queixa como tal, non correspondendo nin a una deficiencia percibida nin unha proposta sobre o funcionamento dun servizo municipal .

As queixas e suxestións diferénciase da presentación de incidencias. Considerarase incidencia: Calquera aviso de necesidade de arranxo puntual dalgún elemento dun servizo básico municipal: alumeadado público, transporte, limpeza da vía pública, elementos nos parques, rúas.

Entendendo que a Queixa 2023/000509 relativa xestión da biomasa vexetal dunha

parcela non corresponde os requisitos anteriormente mencionados, non se dará continuidade a súa tramitación, expoñendo que a vía adecuada para denunciar feitos desta tipoloxía é o rexistro municipal”.

Á vista do informe procede o arquivo do escrito presentado”.

Esta parcela atópase nun estado lamentable e antihixiénico e chea de maleza.

Ademais, a veciñanza da contorna tamén expresa que carece de colector de vidro e cuestionan se resultaría posible o soterramento de todos os colectores.

E insisten, así mesmo, en que tampouco o Concello ten sensibilidade e a pesares de pagares os seus impostos, non instalan ningún elemento decorativo polo nadal.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións precisas para o adecentamento da parcela solicitada nesta moción así como para a revisión do estado dos colectores.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda que por parte do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para o adecentamento da parcela solicitada nesta proposición así como para a revisión do estado dos colectores.

13. TESOURERÍA. Referencia: 2023/00008698D.

TOMAR COÑECEMENTO DA ELEVACIÓN A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 1.03 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“O acordo de aprobación provisional do expediente 2023/8698D de modificación da ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o aumento de valor de terreos de natureza urbana foi adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 30 de novembro de 2023, e publicado no BOP da Coruña de 11 de decembro de 2023.

A Tesourería emitiu informe o 30 de xaneiro de 2024 en relación co citado expediente no que pon de manifesto que:

“No trámite de exposición ao público da aprobación provisional do citado expediente, de acordo co certificado do Secretario Xeral do Pleno, non constan reclamacións presentadas polo que, en aplicación do artigo 17.3 in fine do TRFL, debe entenderse elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario, procedendo á publicación do texto modificado para a súa posterior entrada en vigor.”

O citado informe di tamén que:

“En cumprimento do disposto no artigo 17 do TRFL:

1.- O acordo de aprobación provisional do expediente 2023/8698D de modificación da ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o aumento de valor de terreos de

natureza urbana debe entenderse elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

2.- O texto modificado da ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o aumento de valor de terreos de natureza urbana modificada deberá publicarse no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP antes da súa entrada en vigor”.

Tendo en conta o citado informe, considerase que o acordo de aprobación provisional do expediente 2023/8698D de modificación da ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o aumento de valor de terreos de natureza urbana debe entenderse elevado a definitivo.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, e tendo en conta o previsto no artigo 92 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, propónse ao Pleno:

Tomar coñecemento da elevación á aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o aumento de valor de terreos de natureza urbana aprobada inicialmente na sesión plenaria do día 30 de novembro de 2023.”

O Pleno da Corporación toma coñecemento da elevación á aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o aumento de valor de terreos de natureza urbana aprobada inicialmente na sesión plenaria do día 30 de novembro de 2023.

14. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00009884V. TOMAR COÑECEMENTO DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO ANO 2023.

O Pleno da Corporación toma coñecemento do informe anual correspondente ao ano 2023 de queixas e suxestións.

15. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00009884V. TOMAR COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 19 de xaneiro e o 22 de febreiro de 2024, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén toma coñecemento das seguintes actas da Xunta de Goberno Local:

ASUNTO XGL/2024/00002098M

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de xaneiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00003311E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00003485N

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 25 de xaneiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00003625Z

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00004549H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de febreiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00005748K

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12 de febreiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00007716B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00008428X

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2024.

16. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

1. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á mellora da iluminación e da pavimentación da rúa Rial de Conxo.
2. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á mellora dos accesos do parque Alexandre Bóveda e Fermín Bouza Brey en Vite e da limpeza e mellora da fonte.
3. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á colocación dunha placa homenaxe na casa natal das Marías.

Preguntas orais:

1. Formulada polo PP sobre as obras da Pastoriza.
2. Formula polo PP sobre climatización dos centros socioculturais.
3. Formulada polo PP en relación ás zonas de baixas emisións.
4. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa ao I Plan de igualdade.
5. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa ao estado da ordenanza de usos das vivendas de uso turístico.
6. Formulada polo PSdeG-PSOE rsobre a recepción da área recreativa do SUNP-25.

17. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

As mocións presentadas e tratadas e os acordos adoptados transcribense a continuación.

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A REVISIÓN, ARRANXO E MELLORA DOS PARQUÍMETROS DA ORA QUE ESTÁN A PROVOCAR INJUSTAS SANCIÓN DO CONCELLO.

Durante as últimas semanas foron recibidas múltiples queixas sobre problemas no funcionamento dos parquímetros da ORA.

Son moitos os parquímetros aos que non lles funciona o teclado e resulta imposible

marcar de forma correcta a matrícula do vehículo. Ao non coincidir a matrícula rexistrada no ticket coa da matrícula do vehículo, os usuarios están a recibir sancións.

Por outra banda, diversos parquímetros teñen, na actualidade fallos nos lectores de tarxeta carecendo, ademais, do tan empregado sistema “contactless”. Un método cada día máis empregado e o cal substitúe as tarxetas bancarias físicas.

Somos conscentes de que, ademais deste tradicional sistema, existe unha aplicación móbil, pero non todos os usuarios, xa por idade e por falta de adaptación tecnolóxica, como porque non son usuarios habituais e non dispoñen da mesma, o que implica que este sistema deba funcionar e estar dispoñible con todas as garantías.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Realizar de forma urxente e exhaustiva unha revisión de todos os parquímetros da zona ORA.

Segundo.- Incorporar o sistema “contactless” aos parquímetros para garantir o funcionamento da tarxeta bancaria.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 1 CA e 6 PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Realizar de forma urxente e exhaustiva unha revisión de todos os parquímetros da zona ORA.

Segundo.- Incorporar o sistema “contactless” aos parquímetros para garantir o funcionamento da tarxeta bancaria.

Faise un receso das 11:50 ás 12:30 horas.

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O ESTUDO DO INCREMENTO DE PRAZAS DE APARCAMENTO RESERVADAS PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA E PARA UN MAIOR CONTROL DAS MESMAS.

As persoas con discapacidade e/ou problemas de mobilidade poden atoparse nunha situación de desvantaxe respecto do resto da veciñanza para a realización de determinadas actividades da vida cotiá e particularmente para acceder a espazos comunitarios, de aí a necesidade de reforzar os mecanismos e instrumentos que permiten compensar esas posibles desvantaxes.

O Concello de Santiago de Compostela debe ter en conta as necesidades especiais que requiren as persoas con discapacidade e/ou as que presentan problemas de mobilidade promovendo medidas de acción positiva orientadas a compensar as desvantaxes que con carácter xeneralizado sofren ou poden sufrir estas persoas.

Considérase prioritario contar con suficientes prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida e/ou con discapacidade, a delimitación clara e visible das prazas xa existentes no termo municipal e o control efectivo da utilización destas prazas polas persoas titulares da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nos termos reflectidos nos artigos 28 a 31 da Ordenanza municipal do sistema de

ordenación do servizo de O.R.A. e aparcamento de residentes

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Que o goberno de Santiago de Compostela estude a posibilidade de incrementar as prazas de aparcamento reservadas a persoas con mobilidade reducida.

Segundo.- Que se sinalen e delimiten de forma máis clara e visible as xa existentes.

Terceiro.- Que se den as indicacións pertinentes para que a Policía Local realice un control máis riguroso destas prazas para que non sexan ocupadas por persoas que non contan coa tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (10 PP e 6 PSdeG-PSOE) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 1 CA), acorda:

Primeiro.- Que o goberno de Santiago de Compostela estude a posibilidade de incrementar as prazas de aparcamento reservadas a persoas con mobilidade reducida.

Segundo.- Que se sinalen e delimiten de forma máis clara e visible as xa existentes.

Terceiro.- Que se den as indicacións pertinentes para que a Policía Local realice un control máis riguroso destas prazas para que non sexan ocupadas por persoas que non contan coa tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA REALIZAR MELLORAS NA PARROQUIA DE LAVACOLLA.

Desde o Partido Popular continuámos coas visitas e reunións cos veciños de distintas parroquias do rural compostelano. Desta vez tivemos a oportunidade de estar coas persoas que viven en Lavacolla onde puidemos escoitar as súas demandas e preocupacións.

Hai necesidades no rural do noso concello que son repetidas independentemente que se vaia a unha ou outra parroquia. Pero que se repitan esas peticións ou reivindicacións non quita que, de vez en cando, as recordemos personalizadas por parroquias.

Os veciños de Lavacolla como bos coñecedores do que necesita a súa parroquia, recollen detalladamente todas esas necesidades. Todos sabemos que hai zonas do rural que suman unhas demandas considerables polo que é comprensible que non se poida abordar todo a vez pero, algunhas cuestións, si debera de ser posible que obtiveran unha resposta positiva por parte do Concello.

No caso de Lavacolla querémonos centrarnos nas cuestións de mantemento, limpeza e equipamentos.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes acordos:

Instar ao Goberno Local a:

Primeiro.- Estudar a posibilidade de asfaltar en aglomerado os viais da parroquia de Lavacolla con alta densidade de uso.

Segundo.- Que se realicen uns rebacheos en condicións para que duren o máximo posible e non se levanten ao pouco tempo do arranxo.

Terceiro.- Levar a cabo unha limpeza de cunetas en profundidade e que se descubra a vista todo o asfalto das pistas.

Cuarto.- Equipar con parques infantís e biosaudables a lo menos os núcleos principais da parroquia.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao Goberno Local a:

Primeiro.- Estudar a posibilidade de asfaltar en aglomerado os viais da parroquia de Lavacolla con alta densidade de uso.

Segundo.- Que se realicen uns rebacheos en condicións para que duren o máximo posible e non se levanten ao pouco tempo do arranxo.

Terceiro.- Levar a cabo unha limpeza de cunetas en profundidade e que se descubra a vista todo o asfalto das pistas.

Cuarto.- Equipar con parques infantís e biosaudables a lo menos os núcleos principais da parroquia.

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA QUE OS MEMBROS DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA E DA GARDA CIVIL QUE PRESTAN O SEU SERVIZO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA POIDAN ACCEDER GRATUITAMENTE AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE IGUAL MODO QUE A POLICÍA LOCAL E OS BOMBEIROS.

A preparación física é fundamental á hora da preparación das diferentes forzas de seguridade e bombeiros, tanto á hora da prevención como na propia intervención. Unha óptima preparación física tradúcese de maneira clara nunha mellor prestación das súas funcións ao cidadán.

Na actualidade en Santiago os membros da Policía Local e do Corpo de Bombeiros poden acceder de maneira gratuíta aos ximnasios situados en instalacións deportivas municipais. Deste xeito quérese colaborar desde o Concello cos membros destes organismos para que poidan realizar en condicións de seguridade e cos medios técnicos adecuados o súa tan necesaria preparación física.

Aos concellos corresponde a través das Xuntas Locais de Seguridade e dos Consellos Locais de Seguridade, promover o desenvolvemento da actuación da policía municipal, así como traballar co resto das Administracións en actuacións e plans que promovan a seguridade.

A pesar por tanto de que a seguridade pública é competencia exclusiva do Estado e o

seu mantemento corresponde ao Goberno da Nación, as Corporacións Locais participan tamén dese mantemento nos termos establecidos na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e no marco desta Lei.

Na nosa cidade, ademais da Policía Local, operan tamén outros dous corpos de seguridade do Estado, a Policía Nacional e a Garda Civil, que resultan claves para garantir e mellorar as condicións de seguridade e benestar dos nosos veciños.

Por este motivo, parece razoable que o Concello de Santiago, en aras de colaborar coa mellor formación física deses policía nacionais e Gardas Cívís, o que sen dúbida reverterá nunha mellor prestación dos seus servizos na nosa cidade, poida colaborar facilitando que estes usen as instalacións deportivas municipais en condicións de gratuidade.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguinte acordo:

O Concello de Santiago facilitará, a través do cauce oportuno, que os membros dos corpos da Policía Nacional e Garda Civil, destinados na nosa cidade poidan acceder ás instalacións deportivas municipais de maneira gratuíta, de igual modo que os integrantes do Corpo de Bombeiros e policía Local, nas condicións e mediante os protocolos que se establezan.”

Á presente moción presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE que non foi aceptada.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 1 CA), e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello facilitará, a través do canle oportuna, que os membros dos corpos da Policía Nacional e Garda Civil, destinados na nosa cidade poidan acceder ás instalacións deportivas municipais de maneira gratuíta, de igual modo que os integrantes do Corpo de Bombeiros e policía Local, nas condicións e mediante os protocolos que se establezan.

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A CORRECTA UTILIZACIÓN DOS MECANISMOS DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Código de Bo Goberno Local da Federación Española de Municipios e Provincias insiste no respecto ao principio de imparcialidade, de modo que desde as administración se manteña “un criterio independente e alleo a todo interese particular”. De feito establécese que a “toma de decisións perseguirá a satisfacción dos intereses xerais e se fundamentará en consideracións obxectivas orientadas cara o interese común e o trato igual e non discriminatorio”.

Nos últimos meses asistimos con certa incredulidade á utilización das canles de comunicación institucionais como instrumentos, non ao servizo da cidadanía nin da

Corporación Municipal, para xerar un diálogo informativo coa veciñanza da actividade deste Concello; senón como un escaparate para a promoción dos membros do goberno local.

Actos que se programan e que teñen dúas cuestións en común. A primeira, esta venta pública de algo que se podería considerar un logro de xestión realizouse durante a precampaña e a campaña electoral das eleccións autonómicas, algo non menor, xa que segundo o establecido na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG), unha vez publicado o decreto de convocatoria de eleccións comeza oficialmente o período electoral, algo que obrigaría aos poderes públicos a ser neutrais prohibindo realizar actos de inauguración e campañas de propaganda institucional para difundir logros de goberno. Algo que, puidera estar en entredito cos actos relatados.

Existe unha segunda cuestión, e é que en ningún dos actos de inauguración, disfrazados de visitas informais, participou a oposición.

Polo tanto, trátanse de actitudes que parecen vulnerar o principio de imparcialidade, obviar o criterio independente que se deba esperar dun bo goberno e que, desde logo, nin garante nin persegue un trato igual, algo que se recolle, como xa se dixo, no Código de Bo Goberno da FEMP. Pero non son as únicas.

Estes e outras cuestións como o aviso de actos institucionais a, incluso, menos de 24 horas da súa celebración, e a carencia dunha previsión de actos organizados polo Concello que permita a planificación dos grupos municipais da oposición, deba levar a unha reflexión da actitude do goberno local co resto de concelleiros.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Instar ao Goberno Local a garantir a correcta utilización dos mecanismos de comunicación institucional respectando o principio de imparcialidade, procurando que as publicacións teñan valor informativo.
2. Instar ao Goberno Local a evitar a ocultación de actos institucionais á oposición, convidando a todos os grupos da Corporación a actos nos que tradicionalmente participaron como as inauguracións públicas.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (6 PSdeG-PSOE e 10 PP), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 1 CA), acorda:

1. Instar ao Goberno Local a garantir a correcta utilización dos mecanismos de comunicación institucional respectando o principio de imparcialidade, procurando que as publicacións teñan valor informativo.
2. Instar ao Goberno Local a evitar a ocultación de actos institucionais á oposición, convidando a todos os grupos da Corporación a actos nos que tradicionalmente participaron como as inauguracións públicas.

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA O IMPULSO E A PROMOCIÓN DO AEROPORTO INTERNACIONAL DE SANTIAGO-

ROSALIA DE CASTRO

O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o mes de febreiro do 2024 coñeceuse, a través dos medios de comunicación, que a compañía aérea con máis presenza no aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro ten previsto reducir o número de prazas ofertadas na tempada de verán (abril-outubro) en catrocentas mil pasando de ter 25 a 20 conexións, o que afectará singularmente ás internacionais. Unha redución que se sumaría ao recorte de vos xa materializado nos meses de outono e inverno.

O noso aeroporto leva, ou levaba, xa varios anos de crecemento constante no número de pasaxeiros e de conexións, sobre todo internacionais, e foi, dentro da rede dos principais aeroportos españois, o que tivo unha recuperación máis rápida, nos anos 2022 e 2023, despois da caída inevitable de actividade polas restricións da mobilidade derivadas da covid19. Ademais, nestes anos, o aeroporto compostelán incrementou a súa cota de mercado no conxunto dos aeroportos galegos, chegando a preto do 65% do total de pasaxeiros das tres terminais.

O Rosalía de Castro ten unas magníficas instalacións, tanto no referido á terminal de pasaxeiros, coma no que ten que ver cos sistemas de operación en pista e seguridade, homologables ós mellores aeroportos de España. Tan evidente resulta iso que os redactores do Plan director do aeroporto Sa Carneiro de Porto recollían fai anos a súa preocupación polo que consideraban unha inversión de futuro (a nova terminal de Santiago) e que podería supoñer un recorte dos pasaxeiros galegos para Porto.

Evidentemente, e aínda que o noso aeroporto mellorou a súas cifras de pasaxeiros, a terminal portuguesa parece que non acusou o risco de perda de pasaxeiros galegos. Baste dicir que se a principios dos anos 2000 Porto e os tres aeroportos galegos se repartían case ao 50% os pasaxeiros, vinte anos despois, ao norte de Portugal voan o 70% das persoas que se desprazan por este medio ao noroeste da península, e a Galicia só o 30%.

Neste escenario é preciso que desde Compostela defendamos con convicción a capacidade e as posibilidades do noso aeroporto, que debe sen dúbida ser, como xa o é, o aeroporto internacional de Galicia, e una infraestrutura capaz de xerar máis riqueza e emprego, aproveitando as mellores conexións que agora temos por ferrocarril coas cidades galegas (sen dúbida mellores que as que hai desde Porto) e en xeral co noroeste peninsular.

Todo isto é posible cunha acción decidida das administracións públicas e da empresa xestora do aeroporto, una acción que poña en valor esta infraestrutura e as vantaxes comparativas do seu uso para as compañías aéreas, sobre todo as que operan vos internacionais de medio alcance, incluído conexións transoceánicas non só para atraer novo turismo internacional, se non tamén para dar servizo ás empresas galegas (de pesca, conserveiras, de automoción, etc.) e para a emigración; empresas e turismo que empregan o aeroporto de Porto con asiduidade.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da

Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao goberno municipal, sobre todo a través de INCOLSA, a levar a cabo accións específicas para que as compañías aéreas que poidan estar interesadas coñezan as vantaxes comparativas do noso aeroporto, e a traballar con elas para a posta en marcha de novas rutas e conexións directas, sobre todo internacionais.
2. Instar dende o goberno municipal á empresa AENA a levar a cabo un plan de marketing específico para potenciar o aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, como referencia aeroportuaria de Galicia, e propoñendo as medidas necesarias (tamén de custes e servizos) que o faga máis competitivo fronte a outras terminais próximas con vos internacionais.
3. Solicitar unha reunión canto antes do Comité de coordinación aeroportuaria de Galicia, que ten entre as súas funcións “Canalizar as actuacións relacionadas coa promoción do transporte aéreo, no ámbito das súas competencias, e promover a accións que sexan necesarias para o fortalecemento da conectividade aérea mediante o establecemento e promoción de novas rutas aéreas, internacionais e nacionais”.

Á presente moción presenta emenda transaccional “en voz” o grupo municipal do BNG para engadir o seguinte parágrafo no punto 2 “Instar tamén á empresa AENA a incluír ao aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro no “Plan de incentivos de tres anos para os aeroportos rexionais” co obxectivo de que poida beneficiarse dunha rebaixa de taxas aéreas que permita que compita en igualdade de condicións cos aeroportos próximos que si están incluídos neste plan, como os de Asturias, A Coruña e Vigo.”

Tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda:

1. Instar ao goberno municipal, sobre todo a través de INCOLSA, a levar a cabo accións específicas para que as compañías aéreas que poidan estar interesadas coñezan as vantaxes comparativas do noso aeroporto, e a traballar con elas para a posta en marcha de novas rutas e conexións directas, sobre todo internacionais.
2. Instar dende o goberno municipal á empresa AENA:
 - A levar a cabo un plan de marketing específico para potenciar o aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, como referencia aeroportuaria de Galicia, e propoñendo as medidas necesarias (tamén de custes e servizos) que o faga máis competitivo fronte a outras terminais próximas con vos internacionais.
 - A incluír ao aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro no “Plan de incentivos de tres anos para os aeroportos rexionais” co obxectivo de que poida beneficiarse dunha rebaixa de taxas aéreas que permita que compita en igualdade de condicións cos aeroportos próximos que si están incluídos neste plan, como os de Asturias, A Coruña e Vigo.
3. Solicitar unha reunión canto antes do Comité de coordinación aeroportuaria de Galicia, que ten entre as súas funcións “Canalizar as actuacións relacionadas coa promoción do transporte aéreo, no ámbito das súas competencias, e promover a accións que sexan necesarias para o fortalecemento da conectividade aérea mediante o establecemento e promoción de novas rutas aéreas, internacionais e nacionais”.

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE SANTIAGO 2025-2035

O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de xaneiro de 2024 o ministro de Transformación Dixital e da Función Pública, José Luis Escrivá, anunciou, durante a súa comparecencia na Comisión de Facenda e Función Pública, a eliminación da taxa de reposición de efectivos, un instrumento que pola súa propia natureza xera un crecemento vexetativo das plantillas baseado na estrutura preexistente (cando estamos ante un cambio enorme) e a súa substitución por un modelo distinto de previsión e de proxección de que postos se precisan e onde se precisan.

Segundo anunciou o ministro, durante o ano 2024 definirase o modelo, previo consenso cos axentes sociais, coa intención de reflexalo nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025.

Á espera de que se defina o modelo, a eliminación da taxa de reposición de efectivos supón unha oportunidade histórica, para avanzar na reforma da administración, para a cal o Concello de Santiago debe estar preparado e listo para actuar.

É unha oportunidade histórica, porque o noso Concello é sen dúbida, un claro exemplo do pouco acertada que foi a taxa de reposición acordada como resposta a Gran Recesión de 2008. En efecto, dende o ano 2012 ata o ano 2018 e 2019, no Concello de Santiago (ao igual que no resto das administracións públicas), produciuse unha redución moi importante da plantilla. Isto ocorreu ademais nun contexto de crecente aumento das xubilacións, debido a idade media das plantillas: cada ano víamos, e vemos, que se xubilan máis persoas.

Por outra banda, esta redución de efectivos públicos produciuse nun contexto no que aumentou a prestación de servizos por parte do concello, tanto como consecuencia do aumento da demanda dos servizos existentes coma consecuencia da posta en marcha de novos servizos (servizo de comedor, axuda no fogar, servizos de conciliación).

Pero sobre todo é unha oportunidade histórica, porque, se algo nos demostraron os acontecementos recentes, é que precisamos un Concello forte, áxil, eficaz e eficiente, preto á cidadanía, transparente, que non só resolva de xeito inmediato os problemas que se presenten, senón que saiba anticiparse a eles.

De feito, durante a pandemia púxose de manifesto de forma evidente a importancia do concello de Santiago de Compostela, a importancia do capital humano do Concello. Fomos quen de contribuír a reverter unha situación tan complicada e de mitigar os efectos disruptivos tan potencias que tivo a pandemia. Entre outras accións, atendemos a 2.100 familias e máis de 6.000 persoas, tramitamos máis de nove millóns de euros en axudas aos sectores máis golpeados, aprobamos axudas ao comercio e hostalería por importe de 3.600.000 € ... E fixémoslo, sobre todo nos anos 2020, 2021 e 2022 cando a nosa plantilla se vía reducida pola inercia que levábamos.

Como se indicou, o modelo que substituirá a taxa de reposición basearase nun modelo

de previsión e de proxección de que postos necesitamos e onde os necesitamos.

É polo tanto necesario, sobre todo con este perfil de envellecemento, que fagamos unha previsión e unha proxección axeitada das necesidades do persoal ao servizo do concello para os próximos anos: que tipo de persoal e que funcións.

Isto é, unha planificación estratéxica a medio e longo prazo para que non pase o que aconteceu no pasado, na que sexamos capaces de identificar en que liña se precisa reforzar os activos do Concello porque, a solicitude e prestación de servizos, o propio rol da administración local na sociedade, está cambiando.

Unha planificación que, ademais, deba incorporar sistemas de avaliación dos servizos que presta o Concello, podendo vencellar esa avaliación, á calidade dos servizos, a determinados compoñentes dos salarios a modo de discriminación positiva que fomente a produtividade.

Durante o pasado mandato impulsamos de xeito importante e notorio a modernización da administración local, pero, por todo o exposto, o anuncio do goberno de España da eliminación da taxa de reposición supón un fito histórico que, se estamos preparados, contribuirá a catalizar a transformación do concello de Santiago.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Previa negociación coa representación das traballadoras e traballadores se proceda a elaboración e aprobación, no prazo de 7 meses, do Plan Estratéxico de Recursos Humanos 2025-2035 no que, previa avaliación das necesidades funcionais do Concello de Santiago, se deseñe a provisión de efectivos nos próximos 10 anos, incluíndo no Plan sistemas de avaliación dos servizos prestados e elementos que permitan vencellar a produtividade e a calidade do servizo prestado a compoñentes do salario.

Á presente moción presentan emenda de transacción os grupos municipais do BNG e de CA, co seguinte contido:

“Previa negociación coa representación das traballadoras e traballadores se proceda a elaboración e aprobación, durante o primeiro trimestre de 2025, do Plan Estratéxico de Recursos Humanos 2025-2030 tendo avaliado as necesidades funcionais do Concello de Santiago, deseñando a provisión de persoas nos próximos 5 anos, incluíndo no Plano sistemas de avaliación dos servizos prestados e elementos que permitan vincular a produtividade e a calidade do servizo prestado ás retribucións.”

Despois de ser aceptada a emenda transcrita, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda, que previa negociación coa representación das traballadoras e traballadores se proceda a elaboración e aprobación, durante o primeiro trimestre de 2025 do Plan Estratéxico de Recursos Humanos 2025-2030 tendo avaliado as necesidades funcionais do Concello de Santiago, deseñando a provisión de persoas nos próximos 5 anos, incluíndo no Plano sistemas de avaliación dos servizos prestados e elementos que permitan vincular a produtividade e a calidade do servizo prestado ás retribucións.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 13:55 horas. Dou fe.

